



INFORMACIÓN DO PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO **CURSO 2019-20**

a) A normativa que regula o proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos é o Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG nº 245), a Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG nº 53) e a Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 22).

b) A oferta provisional de postos escolares dispoñibles para o curso 2019/2020, descontando os alumnos deste centro e os dos centros adscritos que reservaron praza, é a seguinte:

1º ESO:	59 prazas
2º ESO:	36 prazas
3º ESO:	40 prazas
4º ESO:	56 prazas
1º BAC:	8 prazas
2º BAC:	5 prazas

c) O prazo de presentación das solicitudes de admisión será do **1 ao 20 de marzo**.

d) Só se pode presentar unha única solicitude no centro no que se solicita praza en primeiro lugar. A infracción a esta norma determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

e) O prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados será, se fose o caso, do **25 de marzo ao 5 de abril**.

f) O **24 de abril**, publicaranse, no taboleiro de anuncios e na páxina web, as listaxes provisionais de alumnos admitidos e excluídos, que poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación (**do 25 de abril ao 2 de maio**). Unha vez resoltas as reclamacións publicaranse, o día **14 de maio**, as listaxes definitivas de alumnado admitido ordenadas por puntuación, no taboleiro de anuncios e na páxina web. Esta resolución poderá ser obxecto de recurso de alzada ante a Xefa Territorial do Departamento Provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. de Portugal, 116 - 32600 VERÍN (OURENSE) • Teléfono: 988410041 • FAX: 988413232
ies.xesus.taboada@edu.xunta.es • www.iesxesustaboadachivite.org

g) O prazo de matrícula é do **25 de xuño ao 10 de xullo** para os que teñan todo aprobado, e do **1 ao 10 de setembro** para os alumnos que se teñan que examinar en setembro.

h) Este centro ten adscritos ao CEIP Amaro Refojo, CEIP Princesa de España e CPR María Inmaculada, todos eles de Verín, e ao CPI Laureano Prieto de A Gudiña

i) A area de influencia do centro é o Concello de Verín e a zona val do Concello de Monterrei (Vilaza, Albarellos, Infesta, Guimarei, A Pousa, Mixos, Estevesiños e Vences). As áreas limítrofes a influencia do centro son os concellos de Laza, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, Oímbra, Cualedro e a zona de montaña do concello de Monterrei.

k) Este centro ofrece o servizo complementario de transporte escolar gratuíto para todo o alumnado da ESO que viva a máis de dous quilómetros, segundo a normativa reguladora que recolle o BOE do 2 de maio de 2001 e o Real Decreto 493/2001 do 27 de abril de 2001.

Verín, 28 de febreiro de 2019